

# Libros

**Manuel Blanco Desar, *Fraternidad Europea*, Silleda, Eds. Fervenza, 2021, 214 páxs.**

No desnortamento europeo que arrastra a Unión dende, poñamos, 2005, é natural que xurdan distintas propostas de solución. Máis dunha reedita, con variantes, a idea xa case tradicional de que a solución está en «máis e mellor Europa»: acelerador a fondo. No 2022 fíxose o chamado Manifesto de Ventotene, unha especie de fuxida cara adiante defendendo novos pasos na unificación, enumerando unha listaxe de proposicións políticas nada tímidas: Unión de política exterior e de seguridade, Unión sanitaria, Unión migratoria, Unión social, unha nova Unión económica e de moeda, Unión dixital, Unión de asuntos de interior, un novo marco institucional, Unión de valores, un novo sistema político e unha Unión de cidadáns (con educación e cultura). Todo cara a unha federación mundial.

Pero a estas alturas da historia da integración europea, antes de considerar todo iso, parece razoable preguntármonos: a experiencia, que xa temos abondo, que nos di da voracidade competencial da Unión? (voracidade que, por outra parte, coexiste coa progresiva perda de relevancia mundial da Unión).

O libro de Blanco Desar, anterior nun ano ao Manifesto de Ventotene, non podía resultar máis complementario e acaído. Ámbolos dous ofrecen respostas á seria crise da Unión. Ambos son ambiciosos e fan propostas de moito calado que, nos dous casos, farían medrar moito o poder central europeo. Os dous son, tamén, federalistas. Blanco foi presidente da Asociación Federalista Europea, sabe do que fala e faino con paixón. Agudo observador da realidade, escribiu tamén outros libros, como o provocador *Una Sociedad sin Hijos* (2018).

¿Que clase de libro é *Fraternidad Europea*? Eu diría que *sui generis*, cousa nada mala en si mesma. É un libro interesante, con xenio, apoiado con datos, historia, experiencia e reflexión e ben argallado. Non é un tratado nin manual —nin tiña por que— pero tampouco un ensaio habitual. Encaixaría máis no xénero dos manifestos: un libro de proposicións, un plan de acción, un catálogo de áreas de acción política non exento de xeneralidades e *wishful thinking* coexistindo, por veces, cun detallismo non necesario (p. ex., 83, 87). Manifestos europeos, temos tido máis dun, lémbrese *Os Estados Unidos de Europa: Manifesto por unha nova Europa*, de Guy Verhofstadt, 2006; ed. galega por C. Cancela, Santiago, 2007.

## Contido e estrutura

O libro ten dez capítulos sobre case todo o relevante, nomeadamente, poboación, territorio, a organización que deberá ter Europa, as “áreas de acción federal” que deberá asumir Europa, a sociedade, a Asociación Federalista Europea, a des-unión como hipótese e máis un capítulo como de auto-axuda ou auto-exame de 53 preguntas (“¿*Soy verdaderamente euro-*

peo?”, 189-197). Remata cun interesante “*Apéndice luso-español: La vanguardia en la Unión*” (203-214).

Os obxectivos desas “áreas de acción federal” (cap. V) son moitos (17 apartados) e cobizosos, como os seguintes: unha economía máis integrada, o euro, saír ao exterior, beneficios intanxibles da unidade, sistema fiscal federal, axudar a quen se axuda, exército federal, a política internacional da Federación europea, o programa educativo federal, as universidades federais, agricultura e soberanía alimentaria, autosuficiencia sanitaria, medio ambiente e sostibilidade intelixente, independencia enerxética, cooperación ao desenvolvemento e, por último, a cultura europea. Contén unha boa mancha de citas clásicas que engaden cultura (da que, porén, xa non anda nada escaso) e fan pensar. Tratando, como trata, de tantas cousas, bótase a faltar un índice analítico ao final. A letra é moi pequena, o que lle permite ser un libro de peto pero pode fatigar a vista. A portada exhibe a Víctor Hugo coa súa apelación á fraternidade europea (1849).

### Xuízo sobre Fraternidad Europea

Comprendiblemente, un libro-diagnóstico-alerta-manifesto-proposta, tal como está Europa hoxe (aínda que sen guerra de Ucraína por ser de 2021), propón unha morea de interrogantes e provocacións.

O primeiro problema é, xa, o da «fraternidade» (32 ss., 198 ss). Así como a invocación do ben común —en principio, unha moi boa cousa— por un ministro de facenda dáunos arrepío, a invocación da fraternidade en comunidades políticas heteroxéneas e grandes (neste caso, moi grandes) dáme tamén un certo arrepío. E se fora imposta dende arriba, máis. Pódesenos obrigar a ser irmáns, dende o Algarve á Estonia? Aínda máis: É a fraternidade o que fai a unha comunidade política ser «políticas»? Non, pois *adelfós*, no grego, quer dicir saído do mesmo ventre. Por moito que Víctor Hugo falara da *fraternité européenne*, as relacións políticas non son como as intra-familiares (Aristóteles, Locke e outros); e —diría eu— afortunadamente. Baixo a *fraternité* cometéranse en 1793 as matanzas colectivas da Vendée, tal vez o primeiro xenocidio da historia. Se ás veces falamos de «irmáns galegos» —*Deus fratresque Gallaeciae*, como querían os Irmandiños— é só por analoxía e porque entre nós pre-existen moitos vencellos moi prepolíticos e moi humanos, dende esta nosa matria, Galicia, na que as cidades e bisbarras veñen sendo as habitación dun gran pazo, ata a choiva, a retranca raposeira e ultimamente as cervexas. Irmáns europeos, sen pai nin nai, patria nin matria e sen existir polo de agora un pobo europeo? A pesares dos 700 anos da Irlanda británica nunca chegara a haber un pobo anglo-irlandés nin o pretendeu ninguén porque partían de outra idea de comunidade política. A fraternidade europea, caso de callar, implicaría un poder central moi forte, contra o que non vemos que se tomen precaucións substantivas. “Unha Unión política como a que desexamos [...], non [estaría] sometida a termos nin condicións...” (p. 34). Resultaría, xa que logo, menos indisoluble que a unidade británica? Que a española?

Falemos das mencionadas áreas de acción federal (97-175). Pouco deixan fóra. Se foran re-redactadas como listado de competencias dunha constitución, viría ser moi amplo. Máis que unha «comunidad política de comunidades políticas» ou unha «comunidad política multinivel» semellaría unha macro-comunidad política cun único nivel de goberno substantivo, sendo os estados e sub-estados delegados ou executores. Que a enumeración das áreas de acción fe-

deral en *Fraternidad Europea* sexa feita por obxectivos e non por competencias é unha opción perfectamente lexítima pero de efectos transversais moi expansivos. Os ambiciosos redactores de Ventotene, como vimos, usaron unha redacción semellante. Ás veces, cando se fan propostas europeístas desta caste, non se chama a atención sobre esa expansividade competencial e esquecese que só os cidadáns soberanos de cada estado membro son quen de decidir se ceden competencias ou non e cantas.

Tanto Ventotene como *Fraternidad Europea* defenden o federalismo. Persoalmente, comparto esa opción. Pero, acaso o federalismo non protexe constitucionalmente as competencias dos entes federados? Eis, por exemplo, a interminable polémica americana sobre uso de armas, explicable só porque os estados teñen algunhas competencias inexpugnables (que as usen ben ou mal é outra historia pero o mesmo podería dicirse dos poderes europeos). Ou véxanse, na sentenza de Lisboa, as materias que Alemaña non cede a Europa. No libro que comentamos, onde están os límites á expansión dos poderes europeos? Ata onde chegaría a integración entre os estados membros? Se, por hipótese, fora total, resultaría xa non un federalismo senón un estado unitario. “[...]Temos que federalizar todo canto estea relacionado coa xeración de enerxía [...]” (p. 167). É inevitable preguntármonos: Todo? E a xente, e as constitucións nacionais, coas súas competencias e a súa soberanía, non terán nada que dicir?

Agradeceríase tamén algo máis verbo das mutacións constitucionais xa experimentadas na Unión porque temos que falar da Europa (como de Galicia ou España) como é, non como a imaxinamos; o dereito e a política son ciencias da realidade. Velaí o trato dado a Grecia ou Portugal (este menciónase nas páxs. 212-213), o dificilmente presentable Tratado do MEDE, outras tendencias pouco disimuladas ao autoritarismo e a imposición, como o moi debatible coche eléctrico; a lamentable e xa vella combinación de incompetencia no importante con inxerencia no cotián...

Ningún libro, e aínda menos, curto, ten a obriga de tratar de todo, pero nesa liña e para evitar falar no baleiro eu suxeriría máis atención a como é o mundo actual, dende as tendencias como posthumanismo e transhumanismo, ben alleas á tradición cultural europea, ata a «dixitocracia» e as ameazas da intelixencia artificial, pasando polas liñas que a covid, a OMS, o Foro de Davos ou a Axenda 2030 marcan a Europa (en xeral, este é o problema da superación, consentida, da Unión Europea pola globalización). Hoxe vivimos na revolta das elites (Lasch), non na das masas (Ortega). Consentiremos poñernos aínda máis nas mans dunhas elites abertamente tecnocráticas, antidemocráticas, e xa non supranacionais senón supra-europeas? (*Fraternidad Europea* fala de método elitista contra método democrático nas páxs. 17-18). Nós entendemos que Europa debería «independizarse» (no sentido de tomar unha certa distancia) da ONU, da OMC, a OMS e demais instancias supraeuropeas.

### Conclusión

Retrocedamos vinte anos. Quen, agás un populista italiano, un polaco ou un húngaro, asinaría hoxe o que segue?

“*Muchos [ciudadanos] piensan también que la Unión debería prestar mayor atención a sus preocupaciones concretas en lugar de intervenir en los más mínimos detalles en asuntos que, por su propia naturaleza, sería mejor poner*”

*en manos de los representantes electos de los Estados miembros y de las regiones. Algunos experimentan incluso esta situación como una amenaza a su identidad [...] La imagen de una Europa democrática y comprometida mundialmente concuerda perfectamente con lo que desea el ciudadano [...] Simultáneamente, ese mismo ciudadano considera que la Unión actúa de modo demasiado burocrático en otros muchos ámbitos. [...] El ciudadano [...] tiene a veces la impresión de que la Unión toma demasiadas iniciativas [...] Por consiguiente, conviene aclarar el reparto de competencias [...] Ello puede suponer la devolución de cometidos a los Estados miembros, [o] la asignación de más funciones a la Unión [...] Por último, surge la pregunta de cómo garantizar que en el reparto renovado de competencias no se produce una sigilosa ampliación de las competencias de la Unión o un asalto a las competencias exclusivas de los Estados miembros y, en su caso, de las regiones". (Anexo I, Consello Europeo de Laeken, decembro de 2001; versión oficial española accesible na internet, páxs. 19 ss.)*

Que tempos aqueles!

*Antonio Carlos Pereira Menaut  
Catedrático de Dereito constitucional.  
Profesor ad Honorem da Universidade de Santiago de Compostela*

**Xosé Luis Pastoriza, “O poder solidario do local: A cooperación municipalista para o desenvolvemento en Galicia” Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e Coordinadora Galega de ONGD’s, Edición non Venal, Depósito legal:V6 226-2021, 138 p.**

O estudo “*O poder solidario do local: A cooperación municipalista para o desenvolvemento en Galicia*” publicouse no mes de maio do 2021, froito dun traballo conxunto entre o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Coordinadora Galega de ONGD. No 2019 as promotoras do estudo confiaron en Xosé Luis Pastoriza para a realización dunha diagnose histórica e actual arredor da cooperación internacional na administración local de Galicia, ou empregando a propia definición da FEMP “*a que realizan os concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares, as organizacións supramunicipais (Mancomunidades e Federacións de municipios e provincias) e as entidades supramunicipais especializadas en cooperación (Fondos de Cooperación)*”.

O libro final, dunhas 140 páxinas, conta cunha edición moi lixeira, que da case a impresión de libro de bolso, aínda que tamén está dispoñible na rede. O marco teórico, os datos que sobresaen da investigación e o contexto todo que presenta canalízase nun ton pedagóxico que faino de moi sinxela e substanciosa lectura. Nesas coordenadas o autor enmarca desde as primeiras liñas o espírito *da época* impregnado pola Axenda 2030 e a súa relación coa administración local. O texto emprega unha narrativa que anima a imaxinación e a ilusión, subliñando as orixes e os sentidos da cooperación internacional, a súa grande pluralidade ideolóxica e a súa historia e caracterización local en Galicia desde os anos 90 do século pasado. Tamén desde as primeiras liñas o texto atópase á procura da xustificación das propostas solidarias cun marco teórico actualizado, que bebe de fontes moi diversas, da economía, a filosofía ou a psicología, que o fan especialmente suxestivo.

Despois dos dous primeiros capítulos, máis descritivos e analíticos, o estudo comeza a aterrar no capítulo III, “*Década perdida*”, analizando unha década despois as conclusións do “*Informe Zero da Cooperación municipalista do ano 2009*” coa situación actual, concluíndo unha axenda paralizada, filla da reconstrución da cooperación internacional local galega trala crise económica dos anos 10 que ameazou con facela desaparecer (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local). Así, no retrato do conxunto sobresaen a resistencia e institucionalización do Fondo Galego como casa común da cooperación local galega (do que actualmente fan parte 100 Concellos e as Deputacións de A Coruña, Pontevedra e Lugo), xunto á experiencias concretas por parte dalgunha cidade e Deputación á hora de promover convocatorias de proxectos para ONGD’s...

Para ir ao particular, o capítulo IV “*Big Bang miudiño*” achégase a 9 breves estudos de caso arredor do propio Fondo Galego, as cidades e Deputacións máis implicadas, e casos particulares, como o de Oleiros ou Ames. Aínda que todo é moito, cómpre apuntar que na media, a administración local galega no seu conxunto achega 0,32€ por habitante ao ano (0,035 do orzamento total da administración local de Galicia), e que no caso dos Concellos, os máis destacadas serían Oleiros 1,52€ por habitante (0,19%) e Lugo 0,89€ por habitante (0,1 %). A grande maioría destas axudas canalízanse por medio de ONGD’s para proxectos que inciden

maioritariamente no ámbito das necesidades humanas básicas, aínda que tamén hai algún caso singular de cooperación de Concello a Concello ou por medio de asociacións culturais ou clubs deportivos.

A pesar de que a análise cuantitativa evidencia o escaso peso da cooperación municipalista galega, a súa propia supervivencia amosa unhas raíces a ter presentes para o próximo mandato local. Tirando dese fío, a investigación péchase coa identificación dos *Concellos SMART* (Solidarios, Mobilizadores, Activistas, Resilientes e Transparentes), como un canon de boas prácticas, das inmensas posibilidades dun Concello ou Deputación para a súa política internacional...

Por último, cómpre indicar que o estudo saíu con posterioridade á aprobación da *Lei galega de acción exterior e cooperación ao desenvolvemento 10/2021 de 9 de marzo*, tendo a virtude de non obviar a relación da acción exterior galega coa cooperación internacional. Con todos estes vimbios danse as condicións para que o libro sexa útil para unha nova etapa da acción exterior e a cooperación internacional municipal en Galicia tralas eleccións do 28 de maio.

*Daniel González Palau*  
*Director do IGADI*